

CIFP Manuel Antonio Código do centro: 36013448

PROCESO DE ADMISIÓN E MATRICULA PARA FP BASICA

CICLO: ARRANXOS E REPARACIÓN DE ARTIGOS TÉXTILES E DE PEL

1. REQUISITOS DO ALUMNADO PARA ACCEDER A FP BÁSICA:

- Facer 15 ou 16 anos no curso 2014/15, excepcionalmente 17 e, unha vez rematado o proceso de admisión, de sobrar prazas ata 20 anos.
- Ter cursado 3º curso da ESO ou, excepcionalmente, o 2º curso.
- Ser proposto para FP Básica polo equipo docente do centro no que cursou a ESO.
- Consentimento dos representantes legais para cursar estas ensinanzas.

2. O/A alumno/a que fose proposto/a para realizar un Ciclo de FP Básica, polo equipo docente do centro no que cursou as ensinanzas da ESO e non acadou o Título, poderá PRESENTAR unha única SOLICITUDE de admisión a FP Básica, segundo o ANEXO I (xúntase documento), no centro no que pretenda ser admitido, XUNTO COA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- Solicitud, ANEXO I, asinada pola persoa solicitante e representantes legais.
- Copia do DNI ou NIE.
- Comunicación de Incorporación a FP Básica, ANEXO IV (xúntase documento).
- De participar no proceso de admisión pola reserva para persoas con discapacidade, presentar certificado de discapacidade.

3. PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN

Asignaranse as prazas conforme os seguintes criterios de prioridade:

- Alumnado que teña cursado 2º de ESO
- Alumnado que teña cursado 3º de ESO
- Alumnado que teña cursado 4º de ESO

Dentro de cada grupo ordenarase de menor a maior idade.

4. PRAZOS DO PROCESO DE ADMISIÓN E MATRICULA PARA FP BÁSICA:

- ***Presentación de solicitudes:*** dende o 1 ao 10 de setembro ás 13:00h.
 - i. Expedirase xustificante de presentación de solicitude
- ***Publicación de listaxes*** de alumnado admitido e non admitido: 12 de setembro no taboleiro informativo do centro.
- **Presentación de reclamacións:** dous días hábiles dende a publicación das listaxes.
- ***Prazo de matrícula:*** o alumnado admitido formalizará a súa matrícula dende o 12 ata o 19 de setembro. IMPORTANTE: requírese un mínimo de 12 solicitudes de matrícula admitidas para constituír o grupo de 1º curso de FP Básica.

5. CONSTITUCIÓN DO GRUPO

- Requírese un mínimo de 12 solicitudes de matrícula admitidas (alumnado de 15, 16 e 17 anos de idade)
- Constituído o grupo e atendidas as demandas de alumnado menor de idade, de quedar prazas vacantes poderanse completar con persoas de 18 a 20 anos, sempre que non estean en posesión do Título de ESO ou FP. Deberán presentar a solicitude de admisión do 1 ao 10 de setembro as 13:00H.

6. Para mais información, consultar a páxina web: <http://www.edu.xunta.es/fp/>

Novas de interese:

- Orde do 14 de agosto de 2014 pola que se regula o acceso e a admisión a ciclos de FP Básica.
- FP Básica. Aspectos específicos para a implantación das súas ensinanzas. Orde 5 agosto 2014.